



## Os monólogos R regresan aos escenarios galegos cargados de humor e de “Ignorancia Artificial”

- *Da man de monologuistas senlleiros/as en Galicia volve o evento mítico do operador galego, os monólogos R, que acumulan xa 16 anos de historia.*
- *Co espectáculo exclusivo “Ignorancia Artificial, nunca tal se vira”, Touriñán, Marta Doviro e Fede Pérez visitarán Vigo e A Coruña nas próximas semanas cos seus monólogos para escuchar coa risa.*
- *Os monólogos R deste ano son unha divertida reflexión sobre o futuro inimaxinable que nos deparan as novas tecnoloxías, ás que debemos adaptarnos, case sempre, a demasiada velocidade.*
- *R leva desde 2008 apostando polo humor “do país” e a fórmula dos monólogos para achegarse de xeito diferente aos seus clientes/as e á poboación de Galicia en xeral.*

**Venres, 16 de febreiro de 2024.** -“Ignorancia Artificial, nunca tal se vira” é unha chiscadela á tecnoloxía en clave de humor, unha viravolta mental para preguntarnos se as novas ferramentas nos volven más intelixentes ou más ignorantes cada vez que se renovan; porque o fan sen preaviso, cando aínda non nos adaptamos á innovación tecnolóxica anterior.

Con semellantes ideas de fondo subirase outra vez o pano dos monólogos R en 2024. O domingo 25 de febreiro reiniciase unha das accións más emblemáticas da compañía, o exitoso periplo dos monólogos R que dende hai xa dezaseis anos fixo rir a miles de galegos e galegas das catro provincias, da man dos actores e actrices máis populares da terra. Este evento, querido e demandado como ningún por un público incondicional, ofrecerá un ano máis humor “do país” en estado puro, conducido de novo por Xosé A. Touriñán (‘Touri’) ao que se unen nesta ocasión Marta Doviro e Fede Pérez, tres dos grandes nomes da comedia en Galicia que, con seguridade, provocarán por enésima vez as gargalladas do seu público.

### ‘Marcianadas’ de onte, imprescindibles hoxe

Hai anos a tecnoloxía era unha ‘marcianada’ reservada moitas veces a frikis e/ou snobs. Mais, case sen decatarnos, foise incorporando ao noso día a día e xa non podemos vivir sen ela. Levamos un teléfono no peito, non usamos cámaras con carrete, compramos roupa por Internet sen probala, traballamos dende a casa, temos toda a música nun terminal, podemos pescudar a cor da segunda capa de pel do escaravello peloteiro nas Antillas nun clic... Por citar tan só algunas mostras desta revolución brutal.

E, cando xa pensamos que está todo ok e adaptámonos aos que consideramos ‘novos tempos’ chega outro tsunami tecnolóxico, a Intelixencia Artificial, e pon todo coas patas para arriba. Volver comezar. Porque as novas tecnoloxías nos falan dun futuro que case non podemos nin imaxinar, que se achega a velocidades imposibles. Mais... somos, en realidade, cada vez máis intelixentes... ou más ignorantes? Iso preguntan Touri, Doviro e Fede Pérez.

Xosé A. Touriñán fará de mestre de ceremonias nas citas de Vigo e da Coruña e tamén dará boa conta das súas ocorrencias en varias intervencións no escenario. O cómico irá establecendo conversacións coa súa compañoira e o seu compañoiro de escenario, Marta Doviro e Fede Pérez respectivamente, que tamén ofrecerán os seus propios monólogos.



Trátase, en suma, de gañar por goleada ao *chat* GPT e a outras creacións artificiais cun percorrido polos textos humorísticos que levan máis dunha década conquistando o público. O obxectivo: relatar, parodiar, reflexionar e cuestionalo todo para facer pasar unha tarde de diversión á fiel audiencia dos monólogos R.

### humor “do país” no norte e no sur

Os **monólogos R** de 2024 arrincan o domingo 25 de febreiro no Auditorio “Mar de Vigo” da cidade olívica ás 19:00 h, en sesión única. E viaxarán posteriormente á Coruña, onde van recalcar no Palacio de Exposicións e Congresos, Palexco, o sábado 9 de marzo en dobre sesión: ás 17:00 h e ás 20:30 h. O aforamento é limitado en ambos os espazos e para acudir é preciso contar con algunha das invitacións de R para clientes/as ou coas conseguidas nos concursos de redes sociais.

### 47.100 asistentes, 30 localidades e monologuistas da terra

Dende os seus inicios, os **monólogos R** organizáronse pensando especialmente nos/nas clientes/as do operador galego, a través dun formato definido (relato dunha única persoa en voz alta) que R escolle dende 2008 para manterse preto da súa xente. É tamén unha aposta polo talento do país, polo enxeño e polo humor, talvez este último un dos xeitos máis rápidos e eficaces de acortar distancias entre as persoas. De feito, son xa 16 anos que falan de éxitos totais nas convocatorias destes espectáculos nos que hai garantidas risas por milleiros.

E, como mostra, as cifras: ata a data, en formato presencial, unhas **47.100 persoas asistiron aos monólogos R**, con espectáculos non só nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol) senón tamén noutras moitas localidades da comunidade, como Viveiro, Vilalba, Ordes, Xinzo da Limia, Sarria, O Carballiño, Carballo, Ribadeo, Verín, Lalín, A Estrada, Melide, Noia, Allariz, As Pontes de García Rodríguez, O Barco de Valdeorras, Ponteceso (O Couto), Porriño, Cee ou Boiro, ata completar unha **trintena de concellos visitados**.

Todo isto, con **talento galego**: polos **monólogos R** pasaron humoristas e monologuistas do territorio tan populares como David Amor, Isi, Rober Bodegas, Marcos Pereiro, Federico Pérez (Fede), Javier Veiga, Víctor Grande, David Perdomo, Marita Martínez, Oswaldo Digón, Celso Sanmartín, Lucía Veiga, Marta Doviro (na presente edición), Carlos Blanco, Pepo Suevos e Xosé A. Touriñán, os tres últimos asiduos desta cita tan esmendrellante de **R** co público de Galicia.

---

### **Sobre os/as monologuistas**

**Xosé A. Touriñán**, popularmente coñecido como ‘Touri’, comezou a despuntar como actor e humorista nas “Cantareiras de Ardebullo”, xunto a Marcos Pereiro. Tamén presentador, produtor e director, Touriñán conta con máis de 20 de anos de experiencia no audiovisual e no teatro. Vímolo interpretando o papel de fillo do narco Manuel Charlín en “Fariña” ou dando vida unha infinitade de personaxes na gran pantalla, percorrendo “Rutas bizarras” en La 2 e moitas veces subido aos escenarios cos seus monólogos e espectáculos teatrais. Acada grande éxito xunto a Carlos Blanco con “Somos Criminais” (2018-23) e co espectáculo teatral “Recortes, caneos e outras formas de driblar” (2022). Tamén en 2022 se estrea na dirección cinematográfica coa curtametraxe “Nena”.

**Marta Doviro** é o nome artístico que toma Marta Pérez Torre da súa familia paterna, orixinaria de Viro, en Outes. Actriz, cómica e presentadora de televisión participou en películas, curtametraxes, ‘webseries’ e series da Televisión de Galicia, con papeis relevantes en “Pazo de Familia”, “A lei de Santos” ou “Luci”. Foi nominada varias veces como Mellor Comunicadora nos Premios ‘Mestre Mateo’, o que avala a súa faceta de presentadora en máis dunha decena de programas como “Unha viaxe para contar”, “Malo será”, “Máis galego”, “Luar”, “Feirantes”... e outros. O seu último reto é o seu propio espectáculo de comedia “Memorias dunha rapasa da costa”.

**Fede Pérez** é actor, monologuista e guionista. Comezou no audiovisual como lingüista en “Mareas Vivas”. Foi guionista antes que actor, e traballou en series como “Terra de Miranda”, “Pequeno hotel”, “O rei da comedia”, “As leis de Celavella”... Fede é unha das caras habituais da TVG, por exemplo, en “Padre Casares”, “Air Galicia”, “O show dos Tonechos”, “Libro de Familia” ou “Era visto!” (varias candidaturas a Mellor Actor nos “Mestre Mateo”). En cine traballou en “18 comidas”, “Retornos”, “Mar adentro”, “Encallados”, “Trote” (premio “Mestre Mateo” a Mellor Actor de Reparto), “La sombra de la ley”, “Cuñados” e, recentemente, en “O corpo aberto” (de novo premio Mestre Mateo a Mellor Actor de Reparto). En teatro, destaca en “O montacargas”, “Pataca minuta” ou “O florido pénsil”.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)